

A Casa-Museo Emilia Pardo Bazán e Marineda City convocan o
I Concurso “ICONOGRAFÍAS sobre Marineda”

Co gallo do 167 aniversario do nacemento de Emilia Pardo Bazán, a Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, e Marineda City convocan o I Concurso “ICONOGRAFÍAS sobre Marineda”

Convócase un Premio Literario para os relatos escritos en lingua galega e outro Premio Literario para os relatos escritos en castelán. Asemade, haberá tamén un Premio Fotográfico á que se considere mellor fotografía sobre o tema do concurso. “ICONOGRAFÍAS sobre Marineda”.

Cada modalidade terá un único premio y este será de 1.000 euros.

Os xurados elixiranse entre representantes da Real Academia Galega e a Real Academia Española, e persoas vinculadas coa creación e a crítica literaria e artística.

Este premio establécese coa finalidade de contribuír a estimular a creación artística inspirada en referentes reais ou imaxinarios da Coruña, a cidade natal de Emilia Pardo Bazán, quen lle deu o nome literario de “Marineda”.

IconoGRAFÍAS

O **I concurso de relato breve “IconoGRAFÍAS sobre Marineda”** concederá dous premios, **de 1.000 € cada un**, que atenderán a textos **en galego e en castelán**, con extensión de **4.000 caracteres máximo**. Deberán estar inspirados na cidade da Coruña, que poderá ser presentada como un elemento real ou imaxinario, utilizando o mesmo “privilexio concedido á novelista” do que se serviu a escritora cando empregou o nome literario “Marineda” para se referir á súa cidade natal e incorporala así á alta literatura universal.

ICONOgrafías

O I Concurso fotográfico “**ICONOgrafías sobre Marineda**” basease nos mesmos principios de favorecer os valores plásticos das pezas que se presenten. Despois dunha primeira selección, levada a cabo por persoas con experiencia en crítica e creación fotográfica, a convocatoria do concurso resolverase nas redes sociais.

O premio, único, será de 1.000 €.

As persoas premiadas asistirán, cun acompañante, á velada que se celebrará nas dependencias da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán o venres 21 de setembro de 2018 como conmemoración do 167 aniversario do nacemento da escritora coruñesa, e os traballos premiados serán publicados nunha edición preparada pola Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

BASES do I CONCURSO de RELATO BREVE “IconoGRAFÍAS MARINEDA”

O concurso desenvolverase segundo as seguintes bases:

1. Inspirados na cidade, real ou imaxinada, de Marineda, convócase:
 - Un Premio de Relato Breve en galego
 - Un Premio de Relato Breve en castelán
2. Os relatos terán unha extensión máxima de 4.000 caracteres con espazos, tipografía Times New Roman, corpo 12, espazado 1,5.
3. Serán admitidos os traballos de calquera persoa, maior de idade, con exclusión das vinculadas directamente ás entidades organizadoras, así como ás persoas que formen parte do Xurado.
4. De todos os relatos recibidos, premiarase o que pola súa calidade, sensibilidade, forza narrativa, se axuste ao tema do concurso.

5. Cada un destes premios estará dotado con 1.000 euros.
6. As persoas que participen no concurso poderán presentar 1 relato breve, orixinal e inédito, libre de dereitos alleos de propiedade intelectual e presentado con pseudónimo.
7. O prazo de entrega dos traballos será desde as 09:00 h do 16 de xullo ata as 14:00 horas do luns 3 de setembro de 2018. Enviaranse por correo ordinario ao enderezo da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, Rúa Tabernas, 11. 15001 A Coruña, co lema “Relato breve” e o idioma utilizado.
8. Deberán enviarse 3 orixinais, un para cada membro do xurado. Todos firmados con pseudónimo, sendo de obriga axuntar nun sobre pechado, co mesmo pseudónimo por fóra, un documento que conteña o seguinte texto cumprimentado.

Eu.....
Documento Nacional de Identidade nº
Domicilio en
CP Cidade
Teléfono/..... Correo electrónico
..... manifesto
que a obra (Título:) é
da miña autoría, baseada nunha idea propia e orixinal, que se atopa
inédita e que non foi presentada nin gañou ningún outro concurso
durante o tempo que dura esta convocatoria. Así mesmo, declaro que
os datos persoais consignados mais arriba son verdadeiros.
Responsabilízome de calquera reclamación que puidera xurdir
relacionada co relato breve presentado, excluindo de toda
responsabilidade as entidades organizadoras do concurso.

Asinado:

9. O xurado comunicará a súa decisión, e esta farase pública, no mes de setembro, informando vía correo electrónico e telefónico a aquelas persoas que resultasen premiadas. Ese mesmo día tamén se fará pública a composición do xurado, cuxa decisión será inapelable.

10. As entidades organizadoras reservan o dereito de excluír do Concurso e, por conseguinte, da entrega do premio, a aquelas persoas participantes que, ao seu entender, tivesen participado de forma incorrecta e/ou fraudulenta.

11. As persoas autoras dos relatos recibidos non perderán os dereitos de propiedade intelectual, aínda que permitirán que os seus textos sexan reproducidos polas entidades organizadoras. Isto é: comunicación pública, reprodución e distribución total ou en parte. Autorizan pois a reproducir, utilizar e difundir o seu nome e apelidos (ou o seu sobrenome) en calquera actividade publicitaria e/ou de promoción que estea relacionada con este Concurso.

12. A resolución de todas as cuestións que puideran xurdir na interpretación destas bases será de exclusiva competencia do Xurado.

13. Dáse cumprida referencia á conformidade coa normativa de protección de datos vixente ao final destas bases.

A participación no I Concurso “iconoGRAFÍAS sobre Marineda” implica a aceptación das presentes bases, do criterio do xurado e das entidades organizadoras.

BASES do I CONCURSO “ICONOgrafías MARINEDA” de FOTOGRAFÍA

O concurso desenvolverase segundo as seguintes bases:

1. Convócase un premio de fotografía, inspirado na cidade, real ou imaxinada, de Marineda. Promóvese a liberdade de temas e de técnicas se amosa unha referencia clara á cidade.
2. Serán admitidos os traballos de calquera persoa, maior de idade, con exclusión das vinculadas directamente ás entidades organizadoras, así como das persoas que formen parte do Xurado.
3. As persoas que participen no concurso poderán presentar un máximo de 3 fotografías, orixinais e inéditas, que non gañasen en ningún outro concurso.
4. Faranse chegar 3 copias fotográficas de cada imaxe proposta, **de técnica libre, impresas en formato 13 x 18**, á Casa-Museo Emilia Pardo Bazán (R/ Tabernas, 11. 15001. A Coruña) unha para cada membro do xurado. Todas firmadas con pseudónimo, no anverso ou no reverso, sendo de obriga axuntar nun sobre pechado, co mesmo pseudónimo por fóra, un documento que conteña o seguinte texto cumprimentado.

Eu
Documento Nacional de Identidade
nº..... Domicilio en
.....
..... CP da cidade
..... Teléfono
...../..... E correo electrónico
..... manifesto que a obra
(Título:) é
da miña autoría, baseada nunha idea propia e orixinal, que non foi presentada
nin gañou ningún outro concurso durante o tempo que dura esta
convocatoria. Así mesmo, declaro que os datos persoais consignados mais
arriba son verdadeiros. Responsabilízome de calquera reclamación que
puidera xurdir relacionada coa imaxe presentada, excluindo de toda
responsabilidade as entidades organizadoras do concurso.

Asinado:

5. **O prazo de entrega dos traballos será desde as 09:00 h do 16 de xullo ata as 14:00 horas do venres 31 de agosto de 2018.** Enviaranse por correo ordinario ao enderezo da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, Rúa Tabernas, 11. 15001 A Coruña.
6. Levará a cabo unha preselección un equipo composto por 3 especialistas do mundo da fotografía e da crítica artística. Valorarase a calidade plástica, a sensibilidade e a forza narrativa.
7. Tras superar a preselección e recibir un número identificativo, persoal da Casa-Museo poñerase en contacto cos autores para obter a imaxe dixital que pasará a editarse nas redes sociais.
8. Entre todas as fotografías que participen no concurso seleccionárase como gañadora aquela que tivese máis votos nas redes sociais, desde as 14:00 h do día 3 de setembro de 2018 ata as 14:00 h do día 13 de setembro. Pouco despois farase público o nome da persoa gañadora e os nomes do xurado de preselección.
9. As entidades organizadoras poñeranse en contacto coa persoa gañadora a partir do día 14 de setembro coa fin de comunicar toda a información necesaria para gozar do premio. No prazo de dous días naturais que contan a partir do día seguinte ao da comunicación, a persoa gañadora deberá responder confirmando a súa dispoñibilidade para recoller o premio e participar na gala.
11. As entidades organizadoras poderán facer uso das fotografías enviadas, dando sempre coñecemento da súa autoría. Isto é: non perderán os dereitos de propiedade intelectual, aínda que permitirán que sexan reproducidas polas entidades organizadoras a través de comunicación pública, reprodución e distribución total ou en parte. Autorizan pois a reproducir, utilizar e difundir o seu nome e apelidos (ou o seu sobrenome) en calquera actividade publicitaria e/ou de promoción que estea relacionada con este Concurso.

12. A resolución de todas as cuestións que puidesen xurdir na interpretación destas bases será de exclusiva competencia do Xurado.

13. Dáse cumprida referencia á conformidade coa normativa de protección de datos vixente, ao final destas bases.

A participación no I Concurso “ICONOGRAFÍAS sobre Marineda” implica necesariamente a aceptación das presentes bases, do criterio do xurado e das entidades organizadoras.

Regulamento Xeneral de Protección de Datos.

Sobre a protección de DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Responsable do tratamento:

REAL ACADEMIA GALEGA. CIF Q1568003F. Domicilio social sito en Rúa TABERNAS 11 15001, A Coruña (A CORUÑA). Telefono 981 207308 e correo electrónico casamuseoepb@academia.gal

Finalidade do tratamento: A participación no concurso ICONOGRAFÍAS sobre Marineda.

Lexitimación do tratamento: A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento da persoa interesada e/ou o seu representante legal.

Conservación dos datos: os datos serán gardados ata a finalización do concurso.

Destinatarios de datos: Os datos non serán cedidos a terceiras partes en ningún caso, de ser preciso deberá mediar a aceptación da persoa interesada.

Transferencias Internacionais de datos: Non se realizarán transferencias internacionais de datos.

Dereitos do interesado:

- Acceso: dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando datos persoais seus ou non, a saber cales son, para que se usan, canto tempo se van gardar, a orixe dos mesmos e se se comunicaron ou se van comunicar a un terceiro.
- Rectificación: dereito a solicitar a rectificación dos datos inexactos e a que se completen os datos persoais incompletos.
- Cancelación: dereito a solicitar a supresión dos datos de carácter persoal cando sexan inadecuados, excesivos ou sa non sexan necesarios para os fins para os que foron recollidos, incluído o dereito ao esquecemento.
- Oposición: dereito a opoñerse, en determinadas circunstancias, a que se realice o tratamento dos seus datos persoais ou a solicitar que se cese no tratamento.
- Limitación do Tratamento: dereito a solicitar, nas circunstancias establecidas legalmente, que non se traten os seus datos máis alá da mera conservación dos

mesmos.

- Portabilidade: dereito a recibir os datos de carácter persoal nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, e poder transmitirlos a outro responsable, sempre que sexa tecnicamente posible.

Exercicio dos dereitos: O exercicio de dereitos deberá efectuarse por escrito xuntando fotocopia do seu documento identificativo, e dirixila ao enderezo anteriormente citado. Para máis información: www.agpd.es

O Delegado de Protección de Datos da REAL ACADEMIA GALEGA, poderá ser consultado no seguinte enderezo de correo electrónico: dpo.cliente@conversia.es ou no teléfono 902877192.

Dereito de reclamación ante a Autoridade de Control: No caso de que non se respectasen os seus dereitos pode presentar unha reclamación dirixíndose por escrito á Axencia Española de Protección de Datos sita na rúa Jorge Juan, 6-28001-Madrid ou utilizar a sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es>.

En ambos os dous casos, deberá acompañar a documentación pertinente.

A Real Academia Galega informa que procederá a tratar os datos de maneira lícita, leal, transparente, adecuada, pertinente, limitada, exacta e actualizada. É por iso que se compromete a adoptar todas as medidas razoables para que estes se supriman ou rectifiquen sen dilación cando sexan inexactos.